CENTRO DE LINGUAS
FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE VIGO

Centro de Linguas
Facultade de Filoloxía e Traducción
36310 Vigo

Tel.986 812 250
Fax.986 818 649

cdl.uvigo.es
centrodelinguas@fundacionuvigo.es

Curso Cuadrimestral de Inglés 1º C - Grupo 1 - 2016-2017

Información da convocatoria

Tipo	CURSO CUADRIMESTRAL DE INGLÉS
Código	V16.XT.IN.C11-GRUPO 1
Nome	Curso Cuadrimestral de Inglés 1º C - Grupo 1
Curso académico	2016-2017
Nivel	C1.1
Modalidade	PRESENCIAL
Horas	55.00

Descrición

DURACIÓN: 110 horas dividido en dous cuadrimestres de 55 horas cada un*

* Excepcionalmente e por cuestións de calendario, o Centro de Linguas poderá adaptar o número de horas do curso con sesións semipresenciais.

Durante o primeiro cuadrimestre impartirase o nivel C1.1 e durante o segundo cuadrimestre o nivel C1.2.

O alumno terá que abonar o importe do curso nos dous cuadrimestres.

Obxectivos:

Nivel C1

Adquirir coñecementos avanzados de lingua inglesa. Dirixido a persoas con coñecemento intermedio-alto da lingua.

De acordo co Marco Común Europeo de Referencia (MCER) o Nivel C1adquírese cando o/a estudante é capaz de comprender unha ampla variedade de textos extensos e con certo nivel de esixencia, así como recoñecer neles sentidos implícitos; cando sabe expresarse de forma fluída e espontánea sen mostras moi evidentes de esforzo para atopar a expresión axeitada; cando pode facer un uso flexible e efectivo do idioma para fins sociais, académicos e profesionais; e cando pode producir textos claros, ben estruturados e detallados sobre temas de certa complexidade, amosando un uso correcto dos mecanismos de organización, articulación e cohesión do texto

O diploma acreditativo de nivel C1 acadarase ao final do segundo cuadrimestre tras superar o exame correspondente.

Aqueles alumnos que cursen os dous cuadrimestres terán o exame incluído no importe do curso. A partir do curso académico 2015-2016, é un exame oficial CertAcles de Inglés C1. Nos cursos organizados en 2 cuadrimestres, se non realizaches o primeiro e incorpóraste no segundo, o prezo da matrícula do segundo cuadrimestre verase incrementado polo importe correspondente ao exame do curso.

Para obter o diploma no que se acredite o nivel haberá que aprobar as catro destrezas cunha nota mínima de 12.5/25 cada unha e obter unha nota global de 60/100.

Información sobre o calendario (datas)

Período de matrícula	28/07/2016 - 27/09/2016
Período de docencia	03/10/2016 - 21/12/2016

Prazas e créditos

Número mínimo de participantes	12
Número máximo de participantes	20
Horas ECTS	55
Validación LE	3

Destinatarios

Nivel C1.1: Público en xeral (maiores de 16 anos) con nivel intermedio alto de inglés.

Calendario

Luns e mércores de 12.00-14.30 **(Aula C4B)**

Programa

Libro de texto:

New language leader advanced. Students book y workbook. David Cotton, David Falvey, Simon Kent, Ian Lebeau y Gareth Rees. Editorial: Pearson.: ISBN 978-1-44796143-7

Recomendase comprar: MyGrammarLab Advanced with Key. Mark Foley,Diane Hall. Editorial: Pearson

ISBN: 978-1-4082-9911-1

Forma de pago

Tarifas

Comunidade Universitaria	215.00 €
Público en xeral	260.00 €

Este curso require un pagamento inicial dunha cota de preinscrición de 15.00 € que se descontará do importe total da matrícula.

Formas de pago

Transferencia bancaria
Tarxeta bancaria

Impartido en

Campus de Vigo - Facultade de Filoloxía e Tradución - C4B

Cómo matricularse

Entra en http://centrodelinguas.fundacionuvigo.es

Alí encontrarás toda a oferta de cursos e as indicacións para realizar a túa matrícula. Aquí che indicamos un pequeno resumo:

1. Na pantalla de inicio:

- Se realizaches o teu rexistro en Bubela durante os anos 2012 e 2013, xa estás rexistrado no programa. No campo central "Recuperar contrasinal", introduce o teu DNI.
- No caso contrario, pulsa "Rexistrarse" e introduce os teus datos persoais.

EN AMBOS CASOS RECIBIRÁS UN CORREO ELECTRÓNICO CO TEU CONTRASINAL.

2. Facer a preinscrición online seguindo os pasos que se indican.

3. Pagar o importe do curso, para o que tés dúas posibilidades:

- Pago con tarxeta
- Transferencia ou ingreso en efectivo no **Banco Santander**:
  - Número de conta 0049 6141 98 2510007984
  - Código Swift: BSCHESMMXXX
  - IBAN: ES86 0049 6141 9825 1000 7984

Debes indicar o nome do curso no que te matriculas

4. Todo o proceso de matrícula podes facelo a través do programa do centro de linguas.

5. A matrícula confírmase a través dunha mensaxe de correo electrónico.

Condicións de acceso

O requisito para acceder ao curso de nivel C1 é que as/os solicitantes teñan coñecementos de inglés, que deben ser acreditados aportando un certificado de nivel B2 ou ben a través da realización dunha proba de nivel.

NOVA PROBA DE NIVEL: 22 de setembro ás 13.00 horas, na Facultade de Filoloxía e Tradución, Aula C3.

Quedarán exentos da realización da devandita proba aquelas/es solicitantes que posúan algunha das seguintes certificacións obtidas nos últimos 3 anos:

- Nivel Avanzado 2 da Escola Oficial de Idiomas

- Acreditación de nivel B2 expedida polo Centro de Linguas

- Acreditación de nivel B2 CertAcles

- FCE Cambridge

- ISE II Trinity

- TOELF 87-109

- Puntuación 5,5-6,5 no exame IELTS.

Devolución

Para a devolución de matrícula séguense os seguintes criterios:

1. Só procederá a devolución do importe íntegro da matrícula, incluída a cota de preinscrición, cando, por causas non imputables aos usuarios, non se realice a actividade.

2. No caso de que o alumno/a non supere a proba de nivel do curso para o que se matriculou, e non realice outro curso, non procederá a devolución da cota de preinscrición.

3. Non obstante o declarado no punto anterior, o Centro pode devolver o importe en casos especiais que considere xustificados, sempre que se solicite por escrito ao Centro de Linguas, a lo menos **tres días antes da data de inicio dos cursos**. Cando se considere xustificada a devolución, o Centro reterá **15 euros** en concepto de gastos de xestión.

4.Considérase que procede a devolución nos casos seguintes, sempre que os mesmos se produzan coa antelación especificada no punto anterior e se xustifiquen debidamente:

   - Cando se produza a sinatura dun contrato laboral que implique incompatibilidade horaria co curso matriculado, sempre que non resulte posible a adscrición a outro curso similar. Debe achegarse copia do contrato de traballo.
   - Por causa de accidente ou enfermidade que imposibilite seguir con regularidade o desenvolvemento do curso. Debe aportarse xustificante médico.

5. En ningún caso se devolverá o importe da matrícula unha vez iniciadas as clases.